



DECRETO 81/1989, DE 11 DE MAIO, SOBRE MEDIDAS DE ORDENACIÓN DAS NOVAS PLANTACIÓNS CO XÉNERO EUCALIPTUS

DOG 104, de 1 de xuño de 1989

A superficie na que o xénero Eucaliptus está presente, que se incrementou notablemente nos últimos anos, así como a súa capacidade de rexeneración e expansión aconsellan a adopción de medidas xerais de ordenación do seu cultivo, que sen prexudica-la explotación racional deste recurso, posibiliten unha maior diversidade de espazos forestais e protexan o patrimonio natural galego de posibles impactos irreversibles.

A facilidade de expansión natural pola súa semente, a capacidade de rebrote e rexeneración logo dos incendios, así como o seu alto potencial de crecemento danlle ao eucalipto un alto nivel de competitividade que o pode levar á dominancia de masas e a dificulta-lo seu control nas áreas onde está introducido.

Por outra parte, o alto potencial produtivo do eucalipto en Galicia e a demanda crecente en madeira e produtos derivados, levan a considera-lo eucalipto como un importante recurso produtivo no sector agrario galego.

Todo o anteriormente exposto xustifica o establecemento de medidas que ordenen as plantacións co xénero eucaliptos, e orienten as iniciativas do seu cultivo e aproveitamento.

A lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, establece criterios en favor da flora silvestre. Así mesmo, o Real Decreto Lexislativo 1302/1986, de avaliación do impacto ambiental e normativa complementaria, permite a posibilidade de facer unha avaliación previa de impacto ambiental en materia de repoboacións forestais.

A Xunta de Galicia ten asumidas as competencias en materia de ordenación da produción agraria e de montes polos R.D. 167/1981, R.D. 3318/1982 e R.D. 999/1984.

A proposta do Conselleiro de Agricultura, e logo da deliberación do Consello da Xunta na súa reunión do día 11 de maio de 1989,

DISPOÑO:

Artigo 1

O obxecto deste Decreto é regular e ordenar as novas repoboacións co xénero Eucaliptus, de forma que se consiga o desenvolvemento deste recurso en compatibilidade co patrimonio natural de Galicia.

Artigo 2

1. As novas plantacións co xénero Eucaliptus superiores ás 5 hectáreas en masa continua deberán solicitar autorización da plantación que irá acompañada de bosquexo de situación da parcela, descrición de vexetación e aproveitamento actual, indicando ademais os mananciais ou cursos de auga, así como as labores, tratamentos e plan de explotación de plantación a realizar.



2. Así mesmo, as novas plantacións en masas continuas superiores ás 50 hectáreas precisarán un Estudo de avaliación de Impacto Ambiental, conforme ao Real Decreto legislativo 1302/86, de 26 de xuño, de Avaliación do Impacto Ambiental, e reservarase polo menos, un 10% da superficie para distintas especies, preferentemente outras frondosas.

Artigo 3

Ademais do indicado no artigo anterior:

- 1) Non se permitirán as novas plantacións de eucalipto en terras ocupadas por masas de outras frondosas, incluídas as áreas de vexetación natural de ribeira.
- 2) Respetaranse as distancias mínimas de 6 metros liñais con fincas colindantes de cultivos agrícolas ou outras repoboacións arbóreas así como todo o sinalado no Decreto 2661/1967.

Artigo 4

O réxime de aproveitamentos, licencias de corta, infraccións e sancións en masas de especies frondosas de crecemento lento, rexerase polo especificado no Regulamento de Montes, Decreto 485/1962.

DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira.- Autorízase á Consellería de Agricultura a adoptar as medidas pertinentes para o desenvolvemento e aplicación do presente Decreto.

Segunda.- Este Decreto entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia

Santiago de Compostela, 11 de maio de 1989

Fernando Ignacio González Laxe
Presidente

Francisco Sineiro García
Conselleiro de Agricultura